

# As Xornadas Gastronómicas da Filloa terán lugar do 4 ao 8 de marzo

O Concello de Boqueixón celebrará a cuarta edición das súas Xornadas Gastronómicas da Filloa entre o luns 4 e o venres 8 de marzo. Os establecementos participantes ofrecerán filloas con elaboración gourmet tanto á hora do xantar como á da cea, en concreto de 12:00 a 15:00 horas e de 20:00 a 22:30 horas.

As xornadas foron presentadas polo alcalde, Manuel Fernández Munín, que estivo acompañado polo concelleiro de Servizos Xerais, Seguridade e Medio Ambiente, Jesús Sanjuás, e representantes da hostalaría local. O alcalde felicitou aos locais pola calidade das propostas que van ofrecer e anima á poboación a participar.

Quen acuda aos locais participantes no horario das xornadas poderá degustar exquisitas preparacions coa filloa como base a un prezo de 2 euros. Son todas propostas innovadoras e suxerentes que incorporan produtos locais de tempada e de primeira calidade. Así, no Bar Restaurante O Imprevisto serviránse *Filloa imprevisto* e *Filloa italiana*; no Restaurante Vente Vin do poderánse degustar as filloas *Galemar*, *Galeterra* e *Galedoce*, na Cervexería O Vikingo a proposta leva por nome *Mesturance* e no Restaurante Vía da Prata a opción será a *Panza Chea*.



Presentación das IV Xornadas Gastronómicas da Filloa no Concello de Boqueixón

## Xornada promocional no Mercado La Galiciana

Dentro dos actos previos á XXXVI Festa da Filloa de Lestedo tamén se incluíu unha xornada de posta en valor no Mercado La Galiciana de Santiago. Dúas filloeiras da Asociación Cultural da Filloa de Lestedo traballaron arreo elaborando filloas para as persoas visitantes e tamén para entregar aos establecementos hostaleiros, que prepararon pratos especiais co gallo do evento 'Filloa de Lestedo na Galiciana'.

Esta xornada contou cunha actuación de música tradicional e un atranque dos Xenerais da Ulla, como adianto do que se verá o 10 de marzo.

Esta posta en valor das filloas de Lestedo, organizado pola Asociación Cultural de Filloa e o Concello de Boqueixón, en colaboración co GDR Terras de Compostela e o Mercado La Galiciana, é unha acción encadrada dentro da Medida Leader Galicia 2014-2020 (submedida 19.4 Promoción Territorial).

## Todo listo para a 36 Festa da Filloa de Lestedo o 10 de marzo

O Hostal dos Reis Católicos acolleu a presentación da 36 Festa da Filloa de Lestedo, que terá lugar o domingo 10 de marzo, por parte do alcalde, Manuel Fernández Munín; a directora da Axencia de Turismo de Galicia, Nava Castro, e o delegado da Xunta na Coruña, Ovidio Rodeiro.

Os actos do domingo 10 de marzo darán comezo ás 12.00 horas coa saída da Parranda de Entroido pola parroquia de Lestedo para dar conta do comezo da

festa. Ás 12.30 horas será o IV Gran Desfile Xenerais da Ulla, que congregará aos xenerais de municipios limítrofes. O pregón chegará ás 13.30 horas da man de Ramón Castro (Onda Cero), nun acto presentado pola actriz María Mera. Actuarán os grupos Ardora, Raeira, Raiola, Luz do Ilicino e O Recobio.

Ás 17.30 horas terá lugar o Alto dos Xenerais da Ulla. A fin de festa correrá a cargo das orquestras Finisterre e París de Noia.



## O Entroido de Sergude repartirá máis de 600 € en premios

A parroquia de Sergude ultima xa todos os preparativos para a celebración do seu tradicional Entroido. A cita terá lugar o 3 de marzo no Campo da Festa.

As actividades comezarán ás 10.00 horas coa saída dende o Campo da Festa dos Correos, Xenerais e Comparsas. Estarán acompañados pola música do grupo Son de Gaita.

Ás 18.00 horas, nunha carpa pechada, Entroidadas e actuación da Orquesta Olympus. Ás 20.00 horas, terán lugar os Atranques dos Xenerais da Ulla e as actuacións das comparsas para despois celebrar o Concurso aos Melhores Difraces, con máis de 600€ en premios, repartidos en dúas categorías: grupos de 6 o máis persoas e individual

ou grupos de menos de 6 persoas. A primeira categoría entregará un premio de 250€ ao grupo gañador, outro de 150€ ao que quede no segundo posto, e un lote de produtos aos terceiros clasificados. Pola súa banda, a segunda categoría conta cun primeiro premio de 150€, un segundo de 50€ e un lote de produtos para o/a terceiro/a clasificado/a.



## Promoción da oferta turística de Boqueixón, Vedra e Vila de Cruces na feira Fairway

Os Concellos de Boqueixón, Vedra e Vila de Cruces promocionaron os seus recursos turísticos, culturais e empresariais vencellados cos Camiños de Santiago no Fairway, que tivo lugar do 10 ao 12 de febreiro no Palacio de Congresos de Santiago. No seu expositor deron a coñecer as amplas posibilidades que os 3 municipios poden ofrecer a quen acode

a Compostela a través de calquera dos itinerarios xacobeos que pasan polo Val do Ulla.

Áreas naturais e creativas, patrimonio cultural, histórico e artístico, comercio de proximidade e de calidade son algunhas das propostas que se puxeron ao alcance das persoas que visitaron Fairway. O Pico Sacro foi un dos enclaves polo que máis preguntaron.



## O Concello organiza unha xornada contra a vespa velutina o 21 de marzo

O Concello de Boqueixón pon en marcha a segunda edición da campaña preventiva "Axúdanos a loitar contra a velutina", que dará comezo cunha charla informativa que terá lugar o vindeiro 21 de marzo, ás 20:00 horas, na casa consitorial. Unha xornada durante a que se entregarán trampas para vespas velutinas entre as persoas asistentes.

As trampas entregaranse de xeito totalmente gratuito,

se ben é preciso solicitarlas previamente no Concello, ben chamando ao teléfono 981 513 061 ben por mail (concello@boqueixon.com). O prazo para solicitarlas estará aberto do 4 ao 18 de marzo.

Durante a campaña de 2018 repartíronse máis de 150 trampas e líquidos atraentes, que permitiron minimizar o impacto desta especie invasora no municipio.

**Edita:** Concello de Boqueixón. Forte, s/n.  
15881 Boqueixón.

**Web:** [www.boqueixon.es/com](http://www.boqueixon.es/com)

**Correo electrónico:** [concello@boqueixon.com](mailto:concello@boqueixon.com)

**Redacción e maquetación:** Nós Comunicación

**Distribución gratuita**

**Oficinas xerais:** 981 51 30 61

**Educación e Cultura:** 981 51 31 15

**Servicios Sociais / CIM:** 981 51 31 06

# Os orzamentos 2019 contemplan unha suba de máis dun 17% para gasto social

O executivo boqueixanés ven de aprobar o orzamento para o ano 2019 nunha sesión extraordinaria do Pleno municipal. As contas ascenden a un total de 3.777.989,23 euros, o que supón unha suba do 7,23% con respecto ao exercicio anterior.

Na súa intervención, o alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, indicou que “se trata dunhas contas equilibradas nas que se fai un esforzo por aumentar o gasto social, cuxa partida se ve incrementada nun 17,50% con respecto a 2018”. Máis concretamente, para este apartado destinaranse preto de 800.000 euros, dos cales, máis da metade se centrarán no programa de atención social.

Tamén se incrementan as partidas no gasto de persoal, cun aumento de preto do 8% -chegando aos 1.464.997,44 €-, mentres que os gastos en bens e servizos correntes rexistran unha suba do 12,80%



Os orzamentos municipais 2019 aprobáronse nunha sesión extraordinaria do Pleno da Corporación boqueixanesa

-un total de 1.597.867 €-. Pola súa banda, as transferencias correntes, ás que se destinan 40.000 euros, rexistran unha suba dun 33,33%.

No tocante ao capítulo de ingresos, o rexedor indicou que se prevé unha suba de máis dun 11% con respecto ao exercicio 2018. Os capítulos máis cuantiosos son as transferencias correntes -procedentes doutras administracións-, que suman un total de 1.624.001,15 euros, e os impostos directos, cun ingreso previsto

de 949.000 euros. Complétase este capítulo cos 588.000 euros derivados das taxas, prezos públicos e outros e os 35.000 euros de impostos indirectos.

As operacións de capital suporán un ingreso de 581.988,08 euros, dos cales 417.063,23 € procederán de transferencias de capital, mentres que 163.924,85 € corresponden a pasivos financeiros. Os 1.000 euros restantes procederán dos activos financeiros.

O voceiro da oposición,

Xabier Canabal, tras realizar un repaso ás distintas partidas do orzamento, anunciou o voto en contra de Veciñ@s de Boqueixón. Argumentou “unha falla de liñas estratéxicas para combater o envellecemento e a perda poboacional”. Sobre isto, Manuel Fernández Munín argumentou que “polo menos nos dous últimos anos non perdemos poboación, aínda que sería desexable que parte da xente que se asentou en Lestedo se animase a censarse no noso Concello”.

## Realizaranse investimentos reais por valor de máis de 670.000 €

Fernández Munín tamén salientou o esforzo realizado por incrementar o capítulo de investimentos reais -un 29,64% máis-, cunha partida orzamentaria total de 674.124,79 euros, dos cales preto de 100.000 serán aportados pola administración local. Entre os proxectos previstos para este exercicio atópanse as seguintes:

- Mellora do camiño de Ledesma a Codeso

(por un importe total de 145.050,12 euros).

- Mellora do firme viario de Noente a Sucira e outros (106.910,74 euros).

- Mellora viario Ardesende a Engas e outros (163.924,85 euros).

- Mellora do firme viario cruce de Vigo a AC-261 (101.880,77 euros).

- Mellora firme viario Rubio a Zaramacedo e outros (63.221,59 euros).

- Roteiro camiños de

Santiago (cun orzamento de 6.274,75 euros)

- Melloras infraestruturas municipais viarias (32.704,30 euros).

- Melloras infraestruturas municipais (22.583,68 euros).

- Adquisición de parcela para a instalación da EDAR de Sergude (para a que se prevé un investimento total de 31.574,09 euros).

Gran parte destes proxectos acometeran-

se ao abeiro do Plan POS 2019 e do POS Complementario, ambos os dous programadas da Deputación Provincial da Coruña.

A maiores, e tal e como sinalou o rexedor boqueixanés, acometeranse distintas actuacións con fondos propios incluídas dentro das partidas adicadas á bacheo e melloras na rede municipal de estradas e pistas e dos servizos básicos municipais.

## Convocado o VI Certame de Relatos “Xosé Neira Vilas”

A Biblioteca Municipal de Boqueixón, en colaboración coa Fundación Neira Vilas e o CPI Antonio Orza Couto, veñen de convocar o VI Certame de Relatos “Xosé Neira Vilas”. Dirixido a rapaces e rapazas de Primaria (desde 3º) e Secundaria de Boqueixón, as obras deberán entregarse na biblioteca ou no centro educativo do

alumnado antes do 10 de abril.

Cada participante poderá presentar un relato, de temática libre e escrito en galego. A entrega de premios terá lugar o 16 de maio no salón de actos do CPI “Antonio Orza Couto”, dentro da programación da Semana das Letras Galegas. Haberá tres premios por categoría.



## Segunda edición das visitas teatralizadas a Ponte Ledesma-Gres

Os Concellos de Boqueixón e de Vila de Cruces organizan a segunda edición das súas Visitas Teatralizadas a Ponte Ledesma-Gres, que terán lugar o sábado 9 e o domingo 17 de marzo, ás 12:00 horas. Nelas reviviranse as batallas napoleónicas libradas na propia ponte, que este ano conmemora o seu 210 aniversario.

A participación é de balde, se ben é preciso anotarse no Concello de Boqueixón (981 513 061 ou boqueixonturismo@gmail.com) ou no de Vila de Cruces (986 582 017 ou concellodeviladecruces@gmail.com). As visitas estarán guiadas polo actor Suso Martínez e contarán con novidades e sorpresas con respecto ao ano pasado.

**8M: DÍA INTERNACIONAL DA MULLER**

*ACOŒNS E ACTIVIDADES CONMEMORATIVAS - 8 MARZO*

**Difusión da “Guía de linguaxe inclusiva” do Concello de Boqueixón**  
Fomenta para garantir o uso dunha linguaxe inclusiva en todos os procesos que teñan orixe no concello.

**O camiño da igualdade - 18 cancións feministas**  
Entre as novas imaxes das escolas de acoso á planta superior da Casa do Concello 18 frases de autoría feminina que conforman un manifesto pola igualdade.

**Aportura da exposición: “Muller tiñas que ser”**  
Exposición de pinturas de diversas autoras de Boqueixón  
Lugar: Casa do Concello  
Data: 8 marzo ao 5 de abril



## AXENDA DO MES DE MARZO

**Domingo**  
**3**

### Entroido dos Xenerais da Ulla en Sergude

Parroquia de Sergude  
Percorrido pola parroquia e Alto ás 20.00 horas no campo da festa.

**Venres**  
**8**

### Exposición de pintura “Muller tiñas que ser”

Casa do Concello.  
Do 8 de marzo ao 5 de abril.

**Domingo**  
**10**

### 36º Festa da Filloa de Lestedo

Campo da Festa de Lestedo  
Todo o día.

**Ata o**  
**29**

### Campamento Recreando

Albergue La Florida (Alicante). Do 1 ao 8 de xullo. Mocidade nada entre 2001 e 2004. 165€ (non inclúe voo nin entradas). Descarga a ficha de inscrición na web e preséntaa do 15 ao 29 de marzo no Dpto. de Xuventude.

**Sábado**  
**30**

### Coñece Galicia

O Cebreiro-Mosteiro de Samos-Sarria-Portomarín. Custo 20€. Entrada opcional ao mosteiro: 5€.

**Sábado**  
**30**

### Obradoiro de bonsais

Casa da Cultura de Camporrapado, de 17:00 a 19:00 h. Inscricións no Dpto. Cultura. Custo por concretar.

**Inicio**  
**Venres**  
**5**

### e en abril...

### Cursos de informática

Aula de usos múltiples. Casa do Concello. Inscricións no Dpto. Cultura: 981 513 115.  
**Informática de Oficina (40 h).** 20 €/mes. Mércores e venres, de 18:15 a 20:15 h.  
**Informática para maiores (20 h).** 10 €/mes. Venres, de 16:00 a 18:00 h.

**Inicio**  
**Sábado**  
**6**

### Curso de monitor de tempo libre

Local social de Lestedo.  
Custo 150 €.

Máis información e inscricións:

Centraliña: 981 513 061  
concello@boqueixon.com

Cultura: 981 513 115  
cultura@boqueixon.com

Dpto. Local e Turismo: 981 513 061  
boqueixonturismo@gmail.com